



CONVENIO PARA CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE RÍOS PARA O PROXECTO SENLLEIRO DE REFORMA DA PRAZA DE A PEDROSA NA CATEGORÍA "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA."

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, D. Eva María Barrio López, na súa condición de alcaldesa do Concello de Ríos, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,





EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións do entorno rural para a mellora da calidade de vida da poboación. Poder contar cunha adecuada oferta no ámbito do ocio, do deporte, da cultura, e/ou nos sectores produtivos, así como cunha boa gama de servizos básicos é fundamental para acadar unha mellora das condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia. Todo isto, dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas e de mellorar a estrutura do territorio para poder fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión da vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.





Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://Axencia.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://Axencia.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadossenlleiros.pdf). As regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- Nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello da Riós para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promove actividades e prestar os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciña. No ámbito destas competencias, desenvolve todas aquelas funcións que favorezan o desenvolvemento da súa contorna. Por outro lado, o Concello de Riós, como entidade máxima da representación do seu territorio debe de ser unha entidade referente na potenciación de actuacións que favorezan ese desenvolvemento.

O 11 de marzo de 2024 o Concello de Riós presentou unha solicitude de colaboración á Axencia para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca". Xunto coa solicitude achegou unha memoria técnica de reforma da praza de A Pedrosa, onde se propón acondicionar a praza do núcleo da Pedrosa a fin de liquidar varios puntos da praza que requiren unha intervención que te como finalidade mellorar a funcionalidade da mesma para os veciños e efectuar tarefas preventivas de mantemento.

Na praza existe un banco de pedra granítica fronte unha porta de uso peonil, porta que se sitúa a cota inferior da propia pavimentación viaria, co cal orixinalmente se instalou para evitar a entrada de augas de escorrentía de pluviais, actuando a súa vez como banco. Requírese a eliminación do devandito banco para facilitar o posible ensanche da devandita porta e facilitar o eventual acceso desde a praza á edificación.



A fonte comunitaria sita nesta praza conta cunha cota de fondo de vaso inferior á cota de pavimento terminado, estando o muro de contención en mal estado, actuando á súa vez o empuxe de terreo sobre o muro, ao cal se unen infiltracións en numerosos puntos, habendo de estabilizarse e repararse.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación é dada a necesidade de atender áreas específicas como a Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca. Neste caso o proxecto técnico presentado polo Concello de Ríos de reforma da praza de A Pedrosa, propón a rehabilitación deste espazo público por ter un marcado significado social para a comarca na que se sitúan ao tratarse de elementos que recuperan e manteñen a historia e a memoria da comarca e ser un lugar de encontro, relación e satisfacción da veciñanza, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Revalorización de infraestruturas e inmobles desaproveitados.
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.
- Potenciación de elementos que recuperen ou manteñan a historia e a memoria da comarca.

Por outra parte, as actuacións propostas cumpren os requisitos c) previstos para a categoría A) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

A) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. (...)
- b. (...)





- c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado neste apartado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego: Concellos.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.
- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto técnico presentado polo Concello de Riós de reforma da praza de A Pedrosa dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca", cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

Cuarto.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través da categoría de proxecto senlleiro en que se encadra, conforme ao Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de





Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola axencia.

Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte: a reforma da praza de A Pedrosa encádrase na categoría Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca xa que se trata de obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O obxecto do presente convenio é o financiamento do proxecto presentado polo Concello de Riós de reforma da praza de A Pedrosa encádrase na categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca", dentro do Programa de Proxectos Senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións contempladas no proxecto presentado polo concello son, en síntese, as seguintes:

- ✓ Banco granítico: procederase coa demolición e retirada do banco de granito existente na parte frontal de vivenda. Para iso realizarase unha demolición controlada con medios mecánicos e manuais ata cota de base do banco retirando os restos sobre camión para posterior traslado a entulleira.
Unha vez eliminado o banco e reaxustada a cota de base procederase a executar unha soleira de formigón HA-25 de modo que permita o apoio de banzo de granito.





O espesor de soleira virá definido polo espesor de banzo e a cota de inicio e fin, deixando as tabicas con altura idénticas nos distintos pasos.

Sobre soleira asentarase con cola para pedra o banzo de granito abujardado de idénticas características ao pavimento do vial, deixando a transición coa rúa no seu punto final sen ningún tipo de resalte ou similar.

Unha vez estean os banzos colocados reordenarase o pavimento de modo que se garanta o acabado orixinal, sendo en leste caso lastra de granito gris (terase especial atención nos encontros coa porta existente, deixando o pavimento 5 m por baixo para evitar entrada de augas, e o encontro do pavimento de rúa coa cabeza de escaleira).

- ✓ Fonte pública: a fonte require da execución de novos muros interiores sobre soleira existente de modo que se asegure a estabilidade do conxunto e mellórese a estanquidade do mesmo. Para a súa execución realizarase en primeiro lugar perforacións sobre soleira de fondo para conectar esperas de aceiro corrugado. Executarase un muro de formigón armado.

O reforzo de muro realizarase con malla e fixacións a muro existente.

O encofrado realizarase a unha cara con formigón HA-25 desde soleira ata cota de coroación de fonte, asegurando un adecuado vibrado e acabado do muro.

Unha vez executado o muro de formigón repárase os posibles ocos con morteiro hidrófugo e tratamento superficial aplicado con rodete de SIKA. Calquera dano na pedra de pavimento, albardilla ou fonte ou similar será reparado deixando o estado xeral igual ao seu estado orixinal.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que se detallan no Anexo I "Orzamento xeral e descrición das obras" de este convenio e cumplan as condicións que se detallan na memoria presentada.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello de Riós

O Concello de Riós comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia e a Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia . Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de





aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

O beneficiario deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que o Concello de Riós cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

O Concello de Riós deberá presentar declaración responsable, para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización a Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

O Concello de Riós comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto de reforma da praza de A Pedrosa, a desenvolver polo beneficiario no marco deste convenio, de acordo co orzamento previsto na memoria, ascende a oito mil oitocentos corenta e oito euros con dezanove céntimos (8.848,19 €) para o período 2024.

Para o desenvolvemento desas actuacións, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural concede ao Concello de Riós unha subvención directa a fondo perdido por un importe de 8.848,19 euros, para a anualidade 2024.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2024	8.848,19 €
	8.848,19 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que





supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación polo Concello de Riós do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

O Concello de Riós tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 7.078,55 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que o Concello de Riós solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

O beneficiario xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas na memoria técnica que inclúe a memoria técnica valorada ascende a oito mil oitocentos corenta e oito euros con dezanove céntimos (8.848,19 €) para anualidade 2024.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de





acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.

A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante;

<https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade co visto e praxe da Alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.





- Permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.
- Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/da empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Acta de recepción.
- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o Concello de Riós non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.





SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederáse o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Riós acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.





DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2024, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por un representante designado polo Concello de Riós e un representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.





E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data arriba indicados.

María José Gómez Rodríguez

Eva María Barrio López

(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)

Presidenta da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

Alcaldesa do Concello de Riós





ANEXO I

Orzamento xeral e descrición das obras

Nº	ACTIVIDADE	ORZAMENTO
01	Retirada de banco de pedra e adecuación de espazo mediante pavimentación de pedra	1.820,00 €
02	Novo banco de pedra	850,00 €
03	Recalce de base de muro de pedra mediante formigón armado debidamente encofrado adecuado á estética do tanque	1.650,00 €
04	Recolocación de adoquíns por cambio de banco	335,00 €
05	Adecuación de entrada a vivendas en zoa banco	1.490,00 €
Presuposto de execución material		6.145,00 €
13,00 % Gastos xerais		798,85 €
6,00 % Beneficio industrial		368,70 €
21% I.V.E		1.535,64 €
Total orzamento		8.848,19 €

